

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 4 de abril de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo das persoas aspirantes seleccionadas nos procesos selectivos de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e de persoal licenciado sanitario, convocados polas resolucións do 26 de decembro de 2022.*

Mediante as resolucións desta dirección xeral do 26 de decembro de 2022 (DOG núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023) realizáronse as convocatorias excepcionais no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e de persoal licenciado sanitario.

Mediante a Resolución do 12 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, convocouse o acto de elección telemática de destino para as persoas definitivamente seleccionadas nos procesos selectivos, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e de persoal licenciado sanitario, convocados polas resolucións do 26 de decembro de 2022.

A base décima das mesmas resolucións establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo e asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro da dita resolución, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e de persoal licenciado sanitario, as persoas aspirantes que se inclúen no anexo desta resolución.



Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza que figura no indicado anexo.

Segundo. Declarar finalizado o concurso de méritos das convocatorias excepcionais nos procesos selectivos de estabilización para o ingreso nas seguintes especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e de persoal licenciado sanitario, convocados polas resolucións do 26 de decembro de 2022:

- Facultativo/a especialista en Análises Clínicas.
- Facultativo/a especialista en Cirurxía Cardiovascular.
- Facultativo/a especialista en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía.
- Facultativo/a especialista en Farmacia Hospitalaria.
- Facultativo/a especialista en Farmacoloxía Clínica.
- Facultativo/a especialista en Inmunoloxía.
- Facultativo/a especialista en Medicina do Traballo.
- Facultativo/a especialista en Medicina Nuclear.
- Facultativo/a especialista en Microbioloxía e Parasitoloxía.
- Facultativo/a especialista en Neurofisioloxía Clínica.
- Facultativo/a especialista en Obstetricia e Xinecoloxía.
- Facultativo/a especialista en Oncoloxía Radioterápica.
- Facultativo/a especialista en Radiofísica Hospitalaria.
- Médico/a de Urgencias Hospitalarias.
- Técnico/a de Saúde de Atención Primaria.

Terceiro. De acordo coa base novena da convocatoria, quedaron sen efecto todas as actuacións dos/das aspirantes seleccionados/as que, no prazo e conforme o procedemento establecido, non seleccionaron os destinos que se ofertaron pola orde de prelación que consideraron, ou non resultaron adxudicatarios/as de ningún polos que optaron.



Cuarto. A base décima das resolucións de convocatoria establece que non poderán ser nomeadas persoal estatutario fixo as persoas aspirantes seleccionadas que, no momento de expedir o correspondente nomeamento, se atopen en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez. Tendo en conta a existencia na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias dunha persoa aspirante seleccionada que está na referida situación, difírese a continuación do proceso desta aspirante ata o momento en que finalice o prazo fixado para a revisión, dada a previsión de recuperación da súa capacidade funcional.

Quinto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada. A toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión ao cal pertenza esta.

A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior, e por instancia da persoa interesada, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión. A incorporación ás prazas adxudicadas levará consigo o cesamento do persoal temporal que, se é o caso, as ocupe, de acordo cos criterios de incorporación e cesamento vixentes.

Sexto. Sen prexuízo da declaración de finalización do proceso selectivo realizado no punto segundo da presente resolución, de conformidade coa base 10.4 das resolucións de convocatoria, co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións en que as persoas seleccionadas por diversos motivos non continúen nos procesos, cubrirase a baixa coa persoa aspirante incluída inmediatamente a continuación na relación de seleccionados/as, pola orde de prelación que resulte da lista definitiva, con independencia da quenda de acceso.

Nomeadamente, chamarase a seguinte persoa aspirante, nos supostos de:

- Renuncias aos dereitos derivados do proceso selectivo.
- Non reunir os requisitos establecidos na convocatoria para o desempeño da praza.
- Non presentar a documentación requirida.



– Non formular elección de praza en tempo e forma conforme o procedemento establecido.

– Non producirse a toma de posesión na praza adxudicada.

– Ser declarada en situación de excedencia sen dereito a reserva de praza con efectos desde o mesmo día da toma de posesión.

Nos supostos previstos no punto anterior, non se modificará a elección de praza realizada con carácter previo ao nomeamento, e adxudicaránselles ás novas persoas aspirantes as prazas resultantes das devanditas situacións.

Sétimo. De conformidade coa disposición adicional segundo do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo no *Diario Oficial de Galicia*, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero que recolle o artigo 157 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, se consta rexistrada en Fides/expedient-e e foi debidamente validada.

Oitavo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente, na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2025

María del Mar Pousa Cobas  
Directora xeral de Recursos Humanos  
do Servizo Galego de Saúde





ANEXO

Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

Facultativo/a especialista en Análises Clínicas					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***6740**	BARBERO CANCELO, CATARINA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***0880**	BARREIRO MARTINEZ, TEGRA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***5929**	CORTE ARBOLEYA, ZORAIDA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***7757**	DIAZ LAGARES, ANGEL	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***2348**	FERNANDEZ HERMIDA-CADAHIA, ESPERANZA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***2428**	GARCIA ASCHAUER, JUAN MANUEL	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***8973**	GARCIA NIMO, LAURA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***0907**	GARCIA PELLITERO, ALMUDENA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***0573**	GONZALEZ ROMARIS, ELENA MARIA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***3981**	GUINARTE CABADA, JUAN CARLOS	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***2893**	HIERRO DELGADO, CARLOS	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***3777**	LAMPON FERNANDEZ, NATALIA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***3104**	LOPEZ GOMEZ, VICTORIA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***0784**	OTERO SANTIAGO, MANUEL FRANCISCO	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***3281**	REBOLLIDO FERNANDEZ, MARIA MAIRA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***1999**	REIGADA RIVERA, MARIA LUISA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-





DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***1289**	RODRIGUEZ MENENDEZ, RAQUEL	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***0195**	TALAVERO GONZALEZ, CRISTINA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***8892**	VEIGA ALVAREZ, ERNESTO	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***5685**	VILA DORRIO, MARIA BELEN	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
Facultativo/a especialista en Cirurxía Cardiovascular					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***2310**	CASAI S PAMPIN, ROCIO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***7501**	VELASCO GARCIA DE SIERRA, CARLOS	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
Facultativo/a especialista en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***9683**	CANEPARI , SERGIO ALEJANDRO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***7579**	CANO LEIRA, MARIA ANGELES	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Público Virxe da Xunqueira	Cee	-
***7334**	COTO CARAMES, LAURA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	-
***4148**	DIAZ CASTIÑEIRA, CATHERINA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	-
***1523**	FERNANDEZ CORTIÑAS, ANA BELEN	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-
***3318**	GONZALEZ NUÑEZ, LUIS	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***3247**	GONZALEZ-ZABALETA GONZALEZ, JORGE	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***9240**	MARTINEZ CAPOCCIONI, DIANORA MARGARITA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***8161**	MARTINEZ MANSO, PABLO	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***6070**	PEINO RIOBO, MARIA ISABEL	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***4976**	PENELAS ABELLEIRA, NATALIA	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Público Virxe da Xunqueira	Cee	-



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***4590**	PUNTE SANCHEZ, LUIS	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4865**	RUOTOLO GRAU, ANTONIO JOSE	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***0813**	SOTELO GARCIA, ROSA ANAHI	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
Facultativo/a especialista en Farmacia Hospitalaria					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***4491**	CACHAFEIRO PIN, ANA ISABEL	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***2066**	CEA PEREIRA, LORENA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***6486**	ESPINO PAISAN, ESTHER	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***9070**	FARIÑA CONDE, MIGUEL ANGEL	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***3126**	FERNANDEZ FERREIRO, ANXO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***5081**	FERNANDEZ GABRIEL, ELENA	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Público Virxe da Xunqueira	Cee	-
***1649**	LOPEZ MONTERO, ELENA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***0858**	MARTINEZ BAHAMONDE, FRANCISCO JAVIER	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***1881**	PIÑEIRO CONDE, SANTIAGO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***4199**	RODRIGUEZ LEGAZPI, IRIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Verín	Verin	-
***1994**	SALAZAR LAYA, MARIA BEATRIZ	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***4033**	SONEIRA CHENLO, CAROLINA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público da Mariña	Burela	-
***2959**	SUAREZ RODRIGUEZ, ANA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4121**	TABOADA LOPEZ, ROBERTO JOSE	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***2409**	VEIGA GUTIERREZ, ROI	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Público Virxe da Xunqueira	Cee	-
Facultativo/a especialista en Farmacología Clínica					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0033**	LOPEZ VAZQUEZ, PAULA MARIA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	-



Facultativo/a especialista en Inmunoloxía					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***8840**	MARTINEZ LASO, JORGE MAURICIO	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***8727**	NIETO GAÑAN, ISRAEL	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
Facultativo/a especialista en Medicina do Traballo					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***5876**	PRIETO CALAZA, IGNACIO	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***9791**	REGAL FARALDO, MARIA IZASKUN	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
***0676**	REGUEIRO MIRA, FRANCISCO	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
Facultativo/a especialista en Medicina Nuclear					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0408**	NOGAREDA SEOANE, ZULEMA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4816**	RODRIGUEZ PELAYO, ELADIO	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. - Ourense	Ourense	-
Facultativo/a especialista en Microbioloxía e Parasitoloxía					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7829**	CABRERA ALVARGONZALEZ, JORGE JULIO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***2776**	CARBALLO FERNANDEZ, RAQUEL	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***5514**	COSTA ALCALDE, JOSE JAVIER	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***8787**	DE MALET PINTOS-FONSECA, ANA MARIA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***0338**	JUIZ GONZALEZ, PEDRO MIGUEL	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***6681**	RODRIGUEZ MACIAS, ANA ISABEL	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***2011**	TORRES SANGIAO, EVA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-



Facultativo/a especialista en Neurofisioloxía Clínica					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***1721**	PARDELLAS SANTIAGO, ELVA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4786**	SOTO CRUZ, WALKIRIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
Facultativo/a especialista en Obstetricia e Xinecoloxía					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0246**	BERMUDEZ LEON, JUAN CARLOS	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***4361**	BOULLON BATALLA, NURIA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***1797**	DEVESA OTERO, LUIS IGNACIO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***6392**	GONZALEZ LOPEZ, SUSANA	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***4664**	LEZAMA GUZMAN, LUIS ALFONSO	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***3780**	LOPEZ ABAD, IRENE	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Público Virxe da Xunqueira	Cee	-
***4220**	LOPEZ-DOMINGUEZ GARCIA, ANA ISABEL	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***9856**	MARIN ORTIZ, ELENA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***6677**	MARIÑO MENDEZ, HELIA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***5656**	MENDEZ GONZALEZ, AINARA MARIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***6918**	MIGUEL CAMPAÑA, LAURA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***3912**	NOYA LOPEZ, MARIA CARMEN	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***7673**	RODRIGUEZ FERNANDEZ, VANESA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***7742**	SANCHEZ RIVADULLA, LAURA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***3852**	SOLAR VILARIÑO, INES	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4656**	TORRES TARRIO, MARTA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4181**	VARELA PONTE, CARLA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***6010**	YAÑEZ MADRIÑAN, SARA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O	-



Facultativo/a especialista en Oncoloxía Radioterápica					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***5041**	TORRADO MOYA, LAURA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
Facultativo/a especialista en Radiofísica Hospitalaria					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0633**	DORADO DORADO, RICARDO	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4981**	VAZQUEZ VAZQUEZ, RUBEN	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
Médico/a de Urxencias Hospitalarias					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***8655**	AMESTEGUI VILLAFANI, MARIANA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***6948**	BOGA LOURIDO, LORENA	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***6087**	BREA TORRES, GUSTAVO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***5325**	CUESTA GARCIA, JOSE DAVID	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***4679**	ESTEVEZ GARCIA, ROSA MARY	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***0717**	GINESTA POMBO, VICENTE	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***5447**	GONZALEZ ALVAREZ, ROBERTO CARLOS	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***2105**	GONZALEZ FEIJOO, MARIA JOSE	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***3512**	GONZALEZ FERRO, PERFECTO ANTONIO	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***9999**	HERNANDEZ RAMOS, MARIA DEL ROCIO	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	Ribeira	-
***4281**	IGLESIAS GALIANO, ANTONIA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***3494**	LADRA GONZALEZ, MARTA	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Coruña, A	-
***5665**	LAMEIRO FLORES, PAULA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***3876**	LOPEZ BLANCO, MARIA CRISTINA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0100**	LOPEZ CURBEIRA, YESICA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***3709**	MARTINEZ DE LA COLINA, ESTEBAN	A.S. da Coruña e Cee	Hospital Público Virxe da Xunqueira	Cee	-
***4798**	MAZAIIRA PEREIRA, PILAR	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	-
***0654**	MENDEZ RIAL, SUSANA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***3529**	OTERO ALFAYA, PEDRO ANTONIO	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***9240**	OTERO MARTINEZ, MARGARITA MARIA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***0697**	PELETEIRO GOMEZ, LAURA	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
***1517**	PEREZ BUSTAMANTE HERNANDEZ, PALOMA	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***8758**	PEREZ FERNANDEZ, ANA BELEN	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol	Ferrol	-
***6672**	RIAL MOSTEIRO, CARMEN MARIA	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	-
***9199**	SUAREZ GAGO, MARIA DEL MAR	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital Público de Verín	Verin	-
***4623**	VAZQUEZ FERRO, MARIA DOLORES	A.S. de Vigo	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Vigo	-
***8423**	VILLAR LATORRE, CLARA	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	-
***8975**	VILLEGAS GONZALES, LEONOR MERCEDES	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Hospital Público de Monforte	Monforte de Lemos	-
Técnico/a de Saúde de Atención Primaria					
DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***0608**	OTERO BARROS, MARIA TERESA	A.S. da Coruña e Cee	A.S. da Coruña e Cee	Coruña, A	-

(\*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.